

# INFORMACIÓN PÚBLICA SOBRE O PROCESO DE ADMISIÓN DE ALUMNADO PARA O CURSO 2023/2024

## CENTROS ADSCRITOS / DE ADSCRICIÓN

Centro de adscrición: CEIP ROSALÍA DE CASTRO

## CALENDARIO DO PROCEDEMENTO DE ADMISIÓN E MATRÍCULA PARA O CURSO ESCOLAR 2023/2024

### 1ª FASE: SOLICITUDE DE RESERVA

(exclusivo para o alumnado procedente dos centros adscritos)

1. **Solicitud de reserva** de praza no centro de adscrición mediante a presentación do **Anexo I e Anexo I-bis (modelo ED550A)** no centro de orixe: **15 de xaneiro - 6 de febreiro**, ambos os dous incluídos.
2. Publicación de postos escolares vacantes: **antes do 1 de marzo**.

### 2ª FASE: SOLICITUDE DE ADMISIÓN

(para alumnado procedente doutros centros distintos dos adscritos) (tamén para alumnado procedente dos centros adscritos que non solicitaran a reserva do 16 de xaneiro ao 6 de febreiro)

3. **Solicitud de admisión** mediante a presentación do **Anexo II e Anexo II-bis (modelo ED550B)** no centro solicitado no primeiro lugar de preferencia: **1-20 de marzo**.
4. Presentación da documentación acreditativa dos criterios de baremo (só no caso de haber maior número de solicitudes que de prazas ofertadas): **21 de marzo ao 11 de abril**, ambos os dous incluídos.
5. Publicación das **listaxes provisionais de persoas admitidas** e non admitidas: **o 25 de abril**.
6. Reclamacións ás listaxes provisionais: nos 5 días hábiles contados a partir do seguinte ao da súa publicación.
7. Publicación das **listaxes definitivas de persoas admitidas** e non admitidas: **o 15 de maio**.
8. **Adxudicación subsidiaria** de praza **noutro centro** ao alumnado non admitido (por parte da comisión de escolarización, tendo en conta os centros solicitados no modelo ED550B no 2º lugar e seguintes).

### 3ª FASE: MATRÍCULA

9. Formalización da **matrícula** en E. Infantil e Primaria: **20 de xuño – 30 de xuño**.
10. Formalización da **matrícula** en ESO e bacharelato: **23 de xuño-07 de xullo**.

## 2ª FASE: SOLICITUDES DE ADMISIÓN EN CENTROS NON ADSCRITOS (1-20 de marzo)

1. Os pais, nais e/ou titores legais que desexen solicitar praza nun centro distinto ao de adscrición, deberán presentar solicitude de admisión utilizando o **Anexo II e Anexo II-bis (modelo ED550B)**.
2. Cada alumna e alumno **só pode presentar unha única solicitude de admisión**. Na solicitude poderá indicar ata seis centros na orde de prioridade que desexe. **Deberá presentala no centro no que solicite praza en primeiro lugar de preferencia. A infracción desta norma** (é dicir, a presentación de solicitudes en máis dun centro, ou a

presentación de solicitude de admisión tendo presentada solicitude de reserva para o centro de adscrición) **determinará a perda dos dereitos de prioridade** que poidan corresponderlle.

3. Alumnado que ten garantía de permanencia neste centro educativo, porque xa está cursando estudos nel durante o presente ano:

**No caso de presentar solicitude de admisión (Anexo II e e Anexo II-bis) noutro centro distinto, deberá comunicalo, ao mesmo tempo, neste centro. O alumnado con garantía de permanencia perderá esta cando resulte admitido con carácter definitivo noutro centro.**

4. Alumnado dos centros adscritos que ten reservada a súa praza neste centro educativo, por teren presentado o Anexo I en febreiro e terse aceptado a súa solicitude:

**No caso de que desexe presentar solicitude de admisión (Anexo II e Anexo II-bis) noutro centro distinto, deberá comunicar previamente e por escrito a este centro educativo a renuncia á súa reserva, até o 28 de febreiro.**

5. As solicitudes de admisión, dirixidas á dirección dos centros públicos e á titularidade dos centros privados presentaranse mediante un formulario normalizado. Este formulario estará dispoñible para as familias e poderase entregar nos seguintes lugares :

- a) Recollendo o formulario Anexo II e Anexo II-bis (modelo ED550B) gratuitamente no centro educativo e entregándoo no centro solicitado en primeiro lugar.

- b) Descargando a solicitude da Sede Electrónica da Xunta de Galicia, na dirección <http://www.xunta.es/portada>, e da páxina web da Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional, na dirección

<https://www.edu.xunta.gal/portal/familiasealumnado/escolarizacioneadmision>

e entregándoo no centro solicitado en primeiro lugar.

- c) Entregándoa a través da sede electrónica da Xunta de Galicia a través da aplicación web “admissionalumnado”: <https://www.edu.xunta.es/admissionalumnado>

## **NORMATIVA REGULADORA**

*DECRETO 13/2022, do 3 de febreiro, polo que se regula a admisión de alumnado en centros docentes sostidos con fondos públicos que imparten ensinanzas de segundo ciclo de educación infantil, de educación primaria, de educación secundaria obrigatoria e de bacharelato reguladas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación. (DOG 11 de febreiro de 2022)*

[https://www.xunta.gal/dog/Publicados/2022/20220211/AnuncioG0598-040222-0004\\_gl.html](https://www.xunta.gal/dog/Publicados/2022/20220211/AnuncioG0598-040222-0004_gl.html)

*ORDE do 21 de outubro de 2022 pola que se desenvolve o Decreto 13/2022, do 3 de febreiro, e se regula o procedemento de admisión do alumnado nos centros docentes sostidos con fondos públicos que imparten ensinanzas de segundo ciclo de educación infantil, de educación primaria, de educación secundaria obrigatoria e de bacharelato reguladas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación (códigos de procedemento ED550A, ED550B e ED550C). (DOG 8 de novembro de 2022)*

[https://www.xunta.gal/dog/Publicados/2022/20221108/AnuncioG0655-281022-0001\\_gl.html](https://www.xunta.gal/dog/Publicados/2022/20221108/AnuncioG0655-281022-0001_gl.html)

## **ÁREA DE INFLUENCIA DO CENTRO E ÁREAS LIMÍTROFES**

Pódense consultar na secretaría do centro ou no buscador de centros da páxina [edu.xunta.es](http://edu.xunta.es)

<https://www.edu.xunta.gal/centroseducativos/BuscaCentros.do>